

## **A construción da identidade galega e das súas representacións sociais: o cultural e o natural<sup>1</sup>**

María Pilar Jiménez-Aleixandre & Ramón López-Facal  
Universidade de Santiago de Compostela

### **1. Introducción**

Este artigo discute algúns aspectos da construción da identidade galega, ou noutras palabras do proceso de identificación con Galicia, e como esta identidade é representada socialmente. Examínase en primeiro lugar o enfoque teórico de partida, que entende as identidades como construcións dinámicas, e en segundo a evolución histórica das súas representacións, en moitos casos de carácter esencialista. En terceiro lugar compárase a dimensión cultural na representación social hexemónica da identidade galega con outras, en particular a política e as relacionadas co patrimonio natural que, segundo argumentamos, son máis febles nesta representación, e en cuarto abórdase a forma en que a representación social de Galicia asigna un lugar preeminente ás paisaxes e aos espazos rurais idealizados e intemporais, ignorando en grande medida as paisaxes e os espazos urbanos que viven a meirande parte dos galegos e galegas. Para finalizar sublíñanse propostas de representacións positivas, proxectadas cara ao futuro.

### **2. Identidades, identificacións e representacións sociais**

Que son as identidades? Hoxendía hai consenso académico en consideralas como construídas, o que implica procesos de identificación. Así segundo Castells (28) “Por identidade, en lo referente a los actores sociales, entiendo el proceso de construcción del sentido atendiendo a un atributo cultural, o un conjunto relacionado de atributos culturales.” Como indica Castells a construción social da identidade sempre ten lugar nun contexto de relacións de poder, polo que distingue entre tres formas: 1) Identidade lexitimadora, introducida polas institucións dominantes para racionalizar a súa dominación; 2) Identidade de resistencia, xerada por actores en posicións devaluadas ou estigmatizadas; e 3) Identidades proxecto, cando os actores sociais constrúen unha nova identidade que redefine a súa posición na sociedade e, ao facelo, procuran a transformación de toda a estrutura social. Castells ilustra este terceiro caso coas feministas cando desafían ao patriarcado como, engadiríamos nós, na recente folga e mobilizacións do 8 de marzo de 2018 en España.

Podemos dicir que as identidades son construcións intelectuais que adquieren entidade real ao seren asumidas por persoas concretas (López-Facal 2004). En canto ás identidades nacionais, cómpre ter en conta que aínda que varias persoas compartan un referente simbólico común isto non necesariamente implica que participen da mesma identidade proxectiva. Así as persoas que se autoidentifican como españois poden ter proxectos diverxentes de sociedade, libertarios, socialdemócratas ou fascistas.

A noción de representación social (Moscovici) é relevante para a análise das identificacións nacionais. Moscovici considera as representacións sociais como entidades que circulan e cristalizan de forma continuada a través de palabras, acenos ou interaccións,

---

<sup>1</sup> Agradecementos: M.P. Jiménez-Aleixandre ao proxecto “Ecoficcións”, código FEM2015-66937-P e R. López-Facal ao proxecto COMDEMO código EDU2015-65621-C3-1-R, ambos proxectos financiados no Plan Nacional de I+D do Ministerio de Economía y Competitividad de España (MINECO) e con fondos FEDER da Unión Europea.

de modo que impregnan a meirande parte das relacións e comunicacións sociais. Son dinámicas, non estáticas, “*producción* de comportamentos e de relacións co ambiente, acción que modifica uns e outras, e non *reproducción* deses comportamentos e de relacións” (Moscovici, 48; cursivas do autor, tradución nosa). O adxectivo “social” remite, máis que á orixe, á súa función, pois contribúe aos procesos de formación de condutas e de orientación de comunicacións. As representacións son en grande medida implícitas, o que fai máis difícil a súa modificación. Van Dijk compara as nocións e ideas que se dan por supostas ou compartidas nos discursos públicos dunha comunidade a un iceberg, xa que só unha pequena parte dos significados deses discursos son visibles como proposicións explícitas, permanecendo implícitos a meirande parte. Para a identificación dos significados implícitos nos discursos e representacións sociais sobre identidades nacionais, unha ferramenta útil é a Análise Crítica do Discurso, (CDA polas siglas en inglés de Critical Discourse Analysis). Nesta perspectiva os eventos discursivos interprétanse como prácticas socioculturais (Fairclough), e o discurso contribúe tanto a sustentar e reproducir o *statu quo* como a transformalo (Fairclough e Wodak).

Os procesos retóricos a través dos cales as persoas que detentan o poder de comunicar constrúen, sexa consciente ou inconscientemente, puntos de vista que promoven unha determinada interpretación dos feitos son definidos nos estudos de comunicación como encadramento ou *framing* (Kuypers). Segundo este autor, o encadramento induce ás persoas a filtraren dun modo determinado as súas percepcións do mundo, facendo certas informacións máis destacadas que outras. Un exemplo deste encadramento pode encontrarse en grande parte dos discursos públicos nos países europeos sobre a crise migratoria a partir de 2015. Nese ano, debido aos conflitos armados, especialmente en Siria, á fame nos países subsaharianos, e ao cambio climático, entraron en Europa máis de un millón de persoas refuxiadas, delas máis de novecentas mil solicitantes de asilo. Os adxectivos utilizados nos media, como “fluxos *descontrolados* de refuxiados”, “emigrantes *ilegais*”, “desprazamentos *irregulares*” (cursivas nosas) e a asociación con termos como “perigo” ou “risco” encadran estas migracións forzadas como ameazas á identidade europea, alimentando discursos xenófobos.

### 3. Representacións sociais de nación e a súa evolución

Existe unha disociación entre os conceptos de nación máis aceptados na comunidade académica e as representacións sociais de nación máis frecuentes. Na investigación histórica e das ciencias sociais enténdense as nacións como construcións ideolóxicas desenvolvidas a partir do século XIX (Anderson; Gellner; Hobsbawm); Benedict Anderson cuñou o termo *Comunidades imaxinadas* para subliñar o seu carácter de construción. Porén para a meirande parte da poboación a representación social de nación segue asociada a concepcións románticas (López-Facal 1999; López-Facal & Sáiz-Serrano 2016). Nesta representación atribúense á nación cualidades esencialistas e inmutables no tempo, como un carácter ou forma de ser propio de cada pobo (*Volkgeist*), unha historia nacional común forxada en oposición ás nacións veciñas, lingua e cultura propias e mesmo, noutros tempos, unha raza. Un trazo relevante nestas representacións de nación é un territorio homoxéneo internamente e distinto dos territorios próximos. A atribución de distinto carácter e comportamento a distintos pobos pode identificarse en textos científicos canónicos como o *Systema Naturae* de Linneo de 1758 (Puig & Jiménez-Aleixandre, en prensa), aínda que cómpre notar que Linneo non emprega o termo “raza.” Contrasta o carácter atribuído aos europeos, “sutil, inxenioso, inventivo”, e de comportamento “gobernado por rituais” (*Regitur ritibus*) cos atribuídos a asiáticos, “serio, altivo, avarento”, e a africanos, “arteiro, preguiceiro, negligente” e de comportamento “gobernado polo capricho” (*Regitur arbitrio*).

Na historiografía estas representacións de nación adoitan denominarse histórico-organicistas (Delanty & O'Mahony), por unha banda pola lexitimación da existencia das nacións nun pasado histórico, pola outra por concibir as nacións como organismos con vida propia. Nas concepcións cívicas, non esencialistas, as nacións enténdese como construcións políticas voluntariamente asumidas pola cidadanía (Habermas).

O concepto moderno de nación como ámbito de lexitimación política, emerxeu no século XVIII entre as elites intelectuais europeas (Maiz; Sieyès). Nalgúns países, como Francia ou Alemaña, arraigou entre amplos sectores da poboación xa nas primeiras décadas do século XIX. Contribuíron a este arraigo, dunha banda, a mobilización militar que adoptou un carácter *nacional* durante as guerras napoleónicas, e doutra a materialización dun concepto abstracto ao dotalo de elementos simbólicos que podían representarse materialmente como himnos, bandeiras ou memoriais, que facilitaron os procesos de identificación por parte de amplos sectores sociais. Entre os elementos materiais que favoreceron a identificación nacional xogou un papel central a produción masiva de mapas. O mapa nacional plasmaba nunha imaxe, con entidade material e límites precisos, o territorio da nación. Estaba presente en edificios oficiais e, sobre todo, en todas as institucións escolares. A escolarización, xunto co servizo militar obrigatorio, foi un dos máis potentes instrumentos de nacionalización en todos os países (López Facal & Cabo Villaverde), non unicamente a través dos contidos de materias como historia, xeografía ou lingua, senón tamén por medio das imaxes, dos ritos e dos símbolos.

En España, de maneira similar a outros países do sur e leste de Europa, o proceso de nacionalizar á maioría da poboación foi máis serodio que Francia ou Alemaña, tanto pola desconfianza dos sectores reaccionarios –aristocracia, clero– vencellados ideoloxicamente co Antigo Réxime, como polas baixas taxas de escolarización e alfabetización dunha poboación maioritariamente rural. Con todo, no último terzo do século XIX, consolidouse de forma hexemónica un discurso nacional esencialista asumido progresivamente pola meirande parte da poboación. Como noutros países, houbo matices en función do posicionamento ideolóxico, por exemplo na importancia atribuída á relixión ou a monarquía, mais desde finais do XIX xerouse un consenso básico sobre a identidade nacional. Unha identidade baseada nunha historia “común” desde a antigüidade: loitas pola “independencia nacional” contra os romanos ou contra os “árabes”; “unidade nacional cos Reis Católicos” ou guerra da “independencia” contra os franceses por mencionar algúns fitos. Tamén nun territorio “común”, reflectido nas representacións físicas. Mapas que representan a diversidade territorial como elementos dun único territorio integrado por un sistema central, que recibe o nome de meseta central, completado cos “sistemas periféricos.” Este discurso nacionalista español acabou por ser asumido incluso por sectores do movemento obreiro. Pódese lembrar que o potente anarcosindicalismo español organizase en 1910 coa denominación de Confederación *Nacional* del Trabajo (cursivas nosas), ou que o Partido Comunista de España recorreu ao imaxinario nacional da loita contra “os mouros” para mobilizar á poboación fronte a sublevación franquista de 1936.

En Galicia, paralelamente, foise xerando unha identidade de resistencia, un relato alternativo ao do nacionalismo español, mais que compartía trazos semellantes, se ben de forma especular: os fitos históricos que no discurso nacional español teñen un significado positivo como elos para a construción nacional, por exemplo o reinado dos Reis Católicos, son valorados negativamente, e viceversa. Este discurso quedou limitado a minorías intelectuais galeguistas que non foron capaces de articular un movemento social transversal que asumise os seus postulados. Un dos seus alicerces foi a idealización do mundo rural, discutida máis abaixo.

A ideoloxía franquista foi esencialmente reaccionaria, antes que fascista, e tratou de erradicar violentamente calquera atisbo de modernidade ilustrada, en sintonía co *Syllabus errorum* promulgado por Pío IX en 1864. Impuxo un imaxinario nacional simplista no que a relixión católica ocupaba un lugar sobranceiro xunto a elementos historicistas do esencialismo romántico, na versión neocatólica de Marcelino Menéndez y Pelayo. Os elementos formais fascistas quedaron nun plano meramente retórico, por exemplo as apelacións á recuperación do “imperio.” O nacional-catolicismo franquista mantívose nunha España illada internacionalmente e neo-ruralizada, xa que despois da guerra civil reduciuse a poboación urbana e incrementouse a rural. Mais, a partir dos anos 60, os cambios sociais relacionados co crecemento económico e a maior apertura cara o exterior, relacionada coa emigración de traballadores españois a Europa, o incremento do turismo estranxeiro e a incorporación a institucións internacionais, resultaban cada vez máis incompatibles co ideal medievalizante do español “metade frade-metade soldado” e co desprezo ás “democracias podres” que acadaran no entanto un grao de prosperidade contemplado con envexa pola maioría da poboación.

As raíces tradicionalistas do franquismo actuaron de maneira contraditoria verbo os imaxinarios nacionais alternativos ao español. Por unha banda calquera presunción de nacionalismo político catalán, vasco ou galego, foi perseguida, sendo prohibidas as linguas diferentes do castelán. Mais paralelamente eran toleradas manifestacións culturais de carácter “rexional” que entroncaban coa mentalidade foralista do tradicionalismo católico. Resulta significativo que en 1937, en plena guerra civil, se inicie a reconstrución – máis ben reinvencción – do castelo de Olite, símbolo da identidade navarra; ou a pervivencia e proliferación de agrupacións folklóricas “rexionais”; a tolerancia de actividades, como certames poéticos, situadas na imprecisa liña que separaba o cultural, considerado manifestación da “rica diversidade” española, do deostado “separatismo” político. En Galicia, desde 1954 e por iniciativa do sindicato falanxista SEU, en Compostela comezou a premiarse oficialmente nas festas minervais a poesía en galego, xunto coa poesía en castelán.

A ideoloxía franquista, incompatible coa modernidade, entrou en crise co acelerado proceso de urbanización e industrialización dos anos sesenta. A necesidade de modernizar o sistema educativo favoreceu, en 1970, un cambio auspiciado pola UNESCO. Dun día para outro desapareceu dos libros de texto de historia o discurso esencialista que se viña reproducindo desde o século XIX. Foi substituído por unha interpretación, inspirada na escola francesa de *Annales*, que poñía o énfase nas dimensións socioeconómicas e culturais comúns de Europa, e que respondía ao desexo cada vez máis xeralizado na sociedade española de homologarse ás democracias occidentais europeas. A ideoloxía anacrónica da ditadura chocaba coas aspiracións de progreso e modernidade, e o vello discurso nacional español percibíase como vencellado a un modelo político incompatible co progreso. O rexeitamento da ditadura favorecía que se cuestionase todo o sistema de valores nos que se asentaba e que gañasen en credibilidade social e adquirisen respectabilidade democrática as propostas e identidades alternativas. Rexeitar o franquismo implicou, cada vez para máis xente, rexeitar o modelo de nación española centralista e esencialista.

Malia estes cambios, os discursos esencialistas sobre as identidades, que desaparecen dos manuais de historia, mantéñense noutros lugares, por exemplo nas historias da literatura que, como indican Lázaro Carreter e Tusón Val, no manual de literatura española máis difundido a partir dos anos 70, favorecen a instalación dos cidadáns na comunidade nacional á que pertencen.

#### 4. Identidade galega: dimensións cultural, natural e política

A representación social hexemónica da identidade galega é fundamentalmente cultural, asociada coa lingua e outras dimensións da cultura. Cómpre ter en conta que ao longo dos séculos XIX e XX Galicia foi terra de emigración, non de inmigración, ao contrario do que ocorría en Cataluña ou no País Vasco. De aí que as prohibicións non lograsen facer desaparecer a lingua galega. No ano da morte de Franco afirmaba coñecer o galego máis do 90% da poboación. En 2014, malia a diminución do seu uso como primeira lingua, a enquisa do Instituto Galego de Estatística mostra que o 87% da poboación manifesta saber falar galego moito (57,31) ou bastante (29,62). A lingua constitúe a dimensión central da identidade galega, sendo considerada así desde o Rexurdimento no século XIX. O 17 de maio de 1863 publícase *Cantares Gallegos* de Rosalía de Castro, primeiro libro en galego, converténdose nun fito. Cen anos despois a Real Academia Galega (RAG) institúe nesa data o Día das Letras Galegas, adicado en 1963 a Rosalía.

Como analiza Villares a construción da identidade galega a partir do século XIX lévase a cabo sen o apoio de institucións –inexistentes ao non contar cun estado propio– a diferenza da identidade española, sustentada no servizo militar ou no ensino. Porén, conta cun desenvolvemento orixinal, apoiado polas comunidades galegas na emigración, tanto no século XIX como durante a ditadura franquista. Podemos ilustrar o papel da Galicia emigrante coa súa influencia na bandeira, no himno, na edición de libros ou nos procesos de desenvolvemento da conciencia galeguista.

A orixe da bandeira non está clara, pois hai referencias de autores como Alfredo Brañas, en 1890, a un estandarte branco. É posible que a bandeira actual aparecese en público por vez primeira no traslado dos restos de Rosalía o 25 de maio 1891 do cemiterio de Adina ao Panteón de Galegos Ilustres en Bonaval (Costa). Algúns atribúen a Manuel Murguía, posiblemente coa colaboración da súa filla Alexandra, a incorporación da banda azul, e noutras versións sitúase na Habana este deseño. O formato da bandeira branca e azul detállase no xornal *El Eco de Galicia* da Habana o 10 de setembro de 1898. O himno, con música de Pascual Veiga a un poema de Eduardo Pondal, estreouse no Gran Teatro da Habana o 10 de decembro de 1907, uns meses despois da morte do compositor. Porén o musicólogo Fernando López Acuña discute esta data, argumentando que o himno era interpretado desde 1897 ao final das actuacións do Orfeón do Centro Gallego de Madrid que dirixía Veiga. En todo caso a estrea solemne tivo lugar na Habana, e foi tamén nas comunidades galegas de Cuba, Arxentina e outros lugares de América onde se cantou cando foi prohibido explicitamente durante a ditadura de Primo de Rivera. Oficializado coa Segunda República, foi prohibido de facto na ditadura franquista. Na Habana editouse tamén en 1880, por “La Propaganda Literaria”, o segundo poemario de Rosalía, *Follas Novas*, aínda que foi impreso en Madrid.

Ademais destes símbolos, unha dimensión que cómpre ter en conta no desenvolvemento da identidade galega é o papel das sociedades galegas na emigración no despertar da conciencia galeguista e do activismo a prol do galego, tanto que Buenos Aires foi descrita como a capital cultural e política de Galicia durante o franquismo. Así o lembra o escritor Xosé Neira Vilas (2001) no seu discurso de ingreso na RAG:

Alí [en Buenos Aires] descubrín a personalidade histórica e o signo diferencial do noso país; alí estudei e fun adquirindo unha cultura xeral da que carecía cando emigrei, e unhas técnicas para a utilización da palabra escrita; alí abrollou a miña latente vocación literaria; alí publiquei os meus primeiros escritos e asumín de por vida a lingua do meu pobo para toda creación e comunicación; alí convertínme nun apaixonado activista da cultura galega, no seu máis amplo sentido (Neira Vilas 2001, 11).



En Buenos Aires imprimiuse polo Centro Ourensán en 1944, un libro crucial na construción da identidade nacional galega, *Sempre en Galiza*, de Castelao. Unha das edicións posteriores era de pequeno tamaño, 13,5 por 9,5 centímetros, co obxectivo de ser transportada con facilidade a Galicia, por exemplo agochada no peto dun abrigo. A Luís Seoane, en colaboración con Arturo Cuadrado, Rafael Dieste e Lorenzo Varela, débese o impulso de numerosos proxectos editoriais no exilio arxentino; xa en 1939 propuxo unha “Biblioteca de autores gallegos”, por colaboración entre o Centro Gallego de Buenos Aires e a Editorial Losada, proxecto que non chegaría a materializarse. Seoane tamén colaboraba coa Editorial Emecé, na que dirixiu dúas coleccións de literatura galega, “Dorna” e “Hórreo.” En 1942 Losada e Cuadrado fundaron a editorial Nova, á que seguiron outros proxectos como Ediciones Galicia ou a Editorial Citania. Ás publicacións cómpre engadir actividades como conferencias, exposicións, cursos, ou estreos teatrais, pois Luís Seoane foi un grande dinamizador cultural. A identidade galega da diáspora, ou Galicia de “alén mar” é obxecto dunha recente análise por Núñez Seixas.

En Galicia, baixo a ditadura franquista desenvólvese a identidade galega de resistencia, e unha das formas que adoptaba era a publicación de libros en galego. En 1947, publicouse *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglesia Alvariño, primeiro libro de poesía na posguerra, non por parte dunha editorial, senón pola librería Celta, de Vilagarcía de Arousa (Arias). A librería Celta foi fundada en 1940 por Severino González, republicano de orixe vallisoletana, que perdera o seu traballo despois da guerra, e exercía de libreiro, impresor e mesmo editor, como outros neses tempos. Probablemente pola inexperiencia de autor e editor *Cómaros verdes* foi editado sen pasar pola censura previa, o que causou algúns problemas. En 1949, en Pontevedra, os escritores, Sabino Torres, Manuel Cuña Novás, Emilio Álvarez Negreira e Celso Emilio Ferreiro crearon unha colección de poesía co nome do pirata galego da Moureira “Benito Soto.” En 1950 fundouse a editorial Galaxia como refuxio cultural do galeguismo, publicando literatura e ensaio en galego, e en 1963 Edicións do Castro, impulsada por Isaac Díaz Pardo, sempre dependentes da censura. Nestas mínimas marxes do posible foise desenvolvendo un imaxinario sobre Galicia que vai paseniñamente estendéndose entre sectores sociais aos que antes non tiña chegado.

Como subliña Villares, na análise do que denomina o proceso de creación e bloque da identidade galega, esta é moi forte na súa dimensión cultural, mais isto non ten unha correspondencia na conciencia política. Na táboa 1 compáranse as identificacións nacionais en Galicia, Cataluña e o País Vasco segundo o Centro de Investigaciones Sociológicas (CIS). Cómpre facer notar que non en todas as enquisas se pregunta polas tres nacionalidades históricas, ou ben non se fan públicos todos os datos, polo que os da táboa corresponden para anos entre 2012 (Galicia) e 2017 (Cataluña e o País Vasco), se ben a tendencia é similar nas publicadas na última década:

Comunidade	Galicia	Cataluña	País Vasco
só galego / c / v	4,3	22,7	27
máis g / c / v que e	19,6	24,3	26,5
tan g / c / v como e	65,2	43,8	38,4
máis e que g / c / v	4,9	3,8	2,1
só español	4,9	3,1	6

Táboa 1. Identificación nacional en porcentaxes segundo as enquisas do CIS.

Lenda: g, galego; c, catalán; v, vasco; e, español.

A comparación revela que a identificación unicamente como galegas e galegos é moito menor que a correspondente en Cataluña e no País Vasco. Nunha análise da evolución do sentimento nacionalista en Galicia desde 1984, Pérez Pena mostra como a identificación exclusiva, que acadara un máximo do 10% en 1997, se move entre o 2 e pouco máis do 4% na última década; a porcentaxe das persoas que se senten máis galegas que españolas oscila no mesmo período entre o 16 e o 22%, un notable descenso desde 1989 en que acadara o 35%. A suma destas dúas opcións é a metade ou menos das equivalentes en Cataluña e o País Vasco, que case chega ou supera a metade da poboación. Como apunta Pérez Pena, os habitantes de Galicia séntense de forma maioritaria tan galegos como españois, con porcentaxes que nalgúns anos superan o 70%. Sendo tamén esta opción a máis escollida nas outras dúas nacionalidades, as porcentaxes son menores. Esta baixa identificación reflíctese asimesmo nos resultados electorais dos partidos nacionalistas en Galicia.

Outra dimensión sobre a que cómpre fixar a atención é a da natureza. O noso argumento é que, malia a identificación simbólica co territorio de Galicia, a representación do patrimonio natural como parte da identidade galega é ben máis feble que a do patrimonio cultural. Noutro ensaio (Aleixandre<sup>2</sup>) analizamos a interacción entre “vozes” físicas e discursivas na paisaxe galega, e as ameazas ás que están suxeitas, subliñando a relevancia do sustrato xeolóxico, a materia prima coa que se moldea a paisaxe. Se escritores, artistas e políticos víronse forzados ao exilio, a comunidade científica sufriu tamén as purgas da ditadura. Así o estudo da xeoloxía galega, iniciado por Isidro Parga Pondal, viuse truncado ao ser expulsado Parga da universidade, e ter que continualo de forma privada, ao abeiro do Laboratorio Xeolóxico de Laxe, acollido en Sargadelos por Isaac Díaz-Pardo. Aínda que o patrimonio xeolóxico galego está ameazado, estes riscos non son percibidos como tales nas representacións sociais, nas que rochas e montañas son o paradigma da estabilidade e a permanencia.

A menor identificación co patrimonio natural pode reflectir problemas para tomar posicións nos conflitos entre e a súa preservación e os intereses económicos das empresas. Un exemplo é o das canteiras de granito no Porriño. A aproximación a esa paisaxe, sexa pola estrada ou desde un avión, revela a magnitude das trabadas que arrincan grandes extensións de monte. Galicia é o quinto produtor mundial de granito, cun millón de toneladas extraídas cada ano, grande parte delas exportadas en bruto, co que o beneficio do produto final repercute noutro país. É difícil imaxinar o furado que deixa na tona da terra un millón de toneladas e máis difícil aínda calibrar o seu tempo de recuperación. Se o tempo que tarda en medrar unha árbore mídese en ducias de anos e, na meirande parte dos casos, é menor dun século, a formación dos granitos e doutras rochas, exprésase en millóns de anos. Noutras palabras, as rochas non son recursos renovables, unha montaña destruída non será recuperada na escala da vida ou mesmo das xeracións humanas. Otero Pedrayo denominou tempo cósmico o das rochas galegas.

Un caso talvez aínda máis grave, polo menor aproveitamento e o impacto ambiental dos residuos, é o da lousa. Se do granito se aproveita case todo o que se extrae, da lousa nas canteiras a ceo aberto a proporción é 4% aproveitado e 96% de refugallos. Nas canteiras da lousa en Valdeorras, Ourense extráese unha alta porcentaxe da lousa utilizada, para tellados e outros usos de construción, en todo o planeta. Segundo os xeólogos Gutiérrez e Vidal Romaní a produción de 900.000 toneladas de lousa ao ano xera 22 millóns de toneladas de entullo, unha forma de extracción que non respecta nin a conservación do

<sup>2</sup> Marilar Aleixandre é o nome literario de María Pilar Jiménez-Aleixandre

medio nin a do propio recurso. Na Serra do Eixe máis de 3000 hectáreas foron engulidas polas canteiras da lousa, e a auga desapareceu en longos tramos dos afluentes do Sil (Taboada) a pouca distancia de espazos singulares como o Teixadal de Casaio, constituído por catrocentas árbores centenarias. O Plan de Ordenación de Recursos Naturais de Pena Trevinca, do que se iniciou a tramitación en 2002, segue inacabado. Como indicabamos arriba, hai conflitos entre os criterios ambientais e os intereses das empresas. A proposta de Gutiérrez e Vidal Romaní é utilizar métodos de extracción subterránea, de meirande eficiencia, como na Bretaña, coordinación de explotación e restauración e aproveitamento dos residuos, para evitar a destrución da paisaxe. No ensaio citado arriba (Aleixandre) detállanse outras ameazas ao patrimonio natural galego, como a contaminación das augas, os riscos que conlevaría para o Canón do Sil e a Ribeira Sacra a construción dunha autovía, ou a desaparición de espazos singulares, ben por encoros, ou ao contrario polo desecamento da Lagoa de Antela.

Que o patrimonio natural forme parte en menor medida da identidade galega non significa que as elites intelectuais non atendan a estes riscos e ameazas. Estudosos como Parga Pondal e Otero Pedrayo, poetas, artistas suman as súas voces a favor da natureza, dos ríos, ou contra proxectos mineiros (Aleixandre). Mais estas voces e discursos non acadan un impacto social semellante aos relativos a cuestións culturais, agás en casos moi graves, como o da marea negra do Prestige en 2002, que deu lugar ao movemento “Nunca máis.” O discurso público sobre a extracción de granito ou de lousa preséntaa como un logro da industria galega, poñendo énfase nas altas cifras, arredor dun millón de toneladas en ambolosdous casos, e ignorando ou minimizando os efectos no ambiente. Talvez unha das razóns teña relación coa febleza da cultura científica, en Galicia e en todo o estado español, en comparación coa cultura humanística. Unha persoa que non soubese quen é Rosalía de Castro ou Castelao, ou no caso español que descoñecese o nome do autor do Quijote, sería considerada inculta. Porén, a meirande parte da poboación non é quen de identificar as árbores máis comúns de Galicia, agás pinos e carballos, descoñecemento que aumenta a medida que as novas xeracións foron deixando de participar nos labores do campo. Cremos que a primeira condición para valorar e incorporar afectivamente uns elementos á nosa identidade é coñecelos.

### **5. É a Galicia soñada un paraíso rural?**

A representación tradicional de Galicia baséase na idealización da paisaxe rural, ignorando en grande medida as paisaxes e os espazos urbanos. Este non é un tropo específico de Galicia, senón compartido con outros países e épocas, presente na literatura clásica de Roma ou, en castelán, na célebre obra de Antonio de Guevara, bispo de Mondoñedo, *Menosprecio de corte e alabanza de aldea*, publicada en 1539. Un exemplo sobranceiro de ruralismo na literatura británica de entreguerras é a obra de Harold J. Massingham, a partir de 1932, que representa unha visión romántica dun pasado rural imaxinario e autosuficiente, en contraste coa realidade histórica de pobreza e rixida división de clases. Porén, o significado social da exaltación do rural no século XVI, cando a meirande parte da poboación europea –e de España e Galicia– era rural, e a partir da segunda metade do século XX, cando a inmensa maioría vive en cidades ou vilas, é moi distinto e ten consecuencias diferentes. Galicia, o seu territorio, a súa paisaxe forman parte dunha identidade nacional construída discursivamente no noso imaxinario (López Sández).

O imaxinario galeguista construído no Rexurdimento, ignorando en grande medida ao movemento obreiro e desconfiando del, idealizou o mundo rural tradicional en oposición ao urbano, do que é un exemplo sobranceiro o poema “Acción gallega (Hino)” de Ramón



Cabanillas escrito en 1910, e que foi o himno oficial do partido agrarista e anticaciquil do mesmo nome:

Que vexa a Vila podre,  
coveira da canalla  
Aldea que traballa  
disposta pra loitar

Cómpre notar que as maiúsculas en “Vila” e “Aldea” subliñan o seu carácter paradigmático. Por outra banda, unha das principais reivindicacións dos agraristas era a abolición dos foros, sistema de orixe feudal que de forma simplificada pódese caracterizar como un *statu quo* no que o campesiñado non tiña a plena propiedade das terras que traballaba. A oposición Vila – Aldea enmárcase nesta loita contra os foros.

Porén esta identidade galega de resistencia tampouco conseguiu incidir na “aldea que traballa” cando esta se mobiliza. Algúns dirixentes do movemento agrario incorporáronse á Unión Patriótica, o partido creado en 1924 por Primo de Rivera, que pretendía dar unha base social de apoio á dictadura, e lograron en 1926 a abolición parcial dos foros. Durante a Segunda República un dos fundadores de Acción Gallega, Basilio Álvarez, foi deputado no Partido Radical de Lerroux, de adscrición nacionalista española.

Unha crítica implícita ao ruralismo apunta, polo contrario, na narrativa de Emilia Pardo Bazán, autora identificada cunha visión rexionalista, non nacionalista. Pardo Bazán é representante sobranceira do naturalismo, e pretende documentar a realidade. *La tribuna* (Pardo Bazán 1883), considerada a primeira novela social española, sendo a primeira que ten como protagonista unha muller. Amparo, líder das reivindicacións e folgas das cigarreiras da Coruña, cidade á que a autora dá o nome de Marineda, representa as novas xeracións urbanas de Galicia. A decadencia da fidalguía rural galega é descrita en *Los pazos de Ulloa* (Pardo Bazán 1886). Outras novelas, como *La piedra angular* e numerosos relatos, reflicten as duras condicións da vida nas aldeas e a violencia contra as mulleres no seo da familia, cuestión na que é pioneira mais que excede o propósito deste artigo.

Pioneiro nos anos 60 en contradicir a visión idealizada do rural é *Memorias dun neno labrego* (Neira Vilas 1961), un libro que tivo a afouteza de rachar coas historias bucólicas sobre a vida nas aldeas, pois non é compracente coa idea mítica dunha Galicia rural onde todo sería harmonioso, sen conflitos. Consideramos esta lucidez tanto máis singular canto, desde a distancia imposta polo exilio arxentino, pode haber unha tendencia a representar a aldea que se deixou atrás como a Arcadia feliz. As *Memorias* reflicten a dureza duns tempos nos que rapazas e rapaces andaban descalzos e sufrían frieiras. Balbino fixo e fain vivir a milleiros de lectoras e lectores, pois é o libro máis editado da literatura galega, a pobreza, o frío, a dureza da vida duns rapaces pobres.

Un trazo desta idealización da paisaxe rural é considerala ancorada no seu prístino estado natural, como un espazo ancestral non humanizado. Esta idea de Galicia é debedora dunha visión externa que a considera depositaria de costumes e formas de vida arcaicas ou “inmemoriais” conservadas a causa do seu illamento xeográfico e do atraso económico. Esta mirada esóxena tamén incidiu na imaxe que os galegos teñen do seu propio país. Afecta tanto a supostas tradicións relacionadas coa gastronomía ou folklore, de orixes recentes na meirande parte dos casos, como á imaxe das paisaxes consideradas “naturais” cando posiblemente, como sinala Miguel Anxo Murado, estean entre as máis humanizadas da península ibérica. Esta idealización non é recente, o notable é que se manteña con tanta vitalidade nun presente en acelerado proceso de transformación. Neste sentido, resulta significativo que a maioría da poboación galega, hoxe urbana e urbaniza-

da, siga identificándose afectivamente co mundo e as tradicións rurais e mariñeiras que cada vez ocupan unha menor porcentaxe de empregos e que, por outra banda, hai tempo que abandonaron as formas tradicionais de traballo. A ‘verdadeira’ Galicia segue sendo para moitos, a Galicia campesiña e mariñeira. Un imaxinario que entronca coa tradición cultural galeguista de finais do século XIX e primeiro terzo do XX.

Na súa análise da poesía galega e irlandesa desde a perspectiva do ecofeminismo, Manuela Palacios apunta á representación, en Yeats e Otero Pedrayo, da paisaxe rural ancorada nun imaxinario celta, como unha idílica Arcadia; a vida nas aldeas sería unha perdida idade de ouro sen conflitos sociais. Segundo Palacios as poetas mulleres galegas e irlandesas elaboran un discurso innovador que establece coa natureza unha relación dialóxica, unha nova transformación cultural da paisaxe. Notemos que esta visión bucólica non é, como apuntabamos máis arriba, a de Neira Vilas, autor plenamente consciente dos conflitos entre caseiros pobres e donos. Santiago Lamas e Afonso Mato (2016), no seu ensaio seguindo as pelerinaxes da xeración Nós, tamén consideran antimoderna a idealización da Galicia rural do Antigo Réxime por parte de Otero.

Creemos que unha consecuencia desta identificación de Galicia co medio rural, ou cun rural idealizado, pode ser o desleixo que se manifesta en vilas e cidades, por exemplo na desfeita urbanística, con novos edificios que non parecen seguir ningún tipo de planeamento ou normativa. A ausencia de harmonía non parece causar preocupación, talvez porque estas vilas e cidades non serían parte desa Galicia ideal.

## **6. A modo de conclusión: unha identidade positiva, proxectada cara ao futuro**

Nos últimos anos distintas análises da identidade nacional galega coinciden en interrogarse sobre a función do galeguismo ou, como se pregunta Xaime Subiela, no provocador título do seu ensaio: *Para que nos serve Galiza?* Subiela apunta que iso depende da proposta de identidade-proxecto nacional que sexamos capaces de formular –enténdese que colectivamente– e, sobre todo, de que a cidadanía queira facela súa, apropiarse dela. Para construír esa identidade proxectiva, adecuada a este tempo, Subiela considera necesario, por unha banda, superar as representacións organicistas e atemporais substituíndoas por outras que recoñezan o seu carácter de creación colectiva, e por outra aceptar que a identidade maioritaria é dual, é dicir a maioría da xente séntese galega e española, e cimentar a identidade nacional galega neses alicerces. Unha reflexión interesante deste autor é a necesidade de que a nova identidade teña carácter positivo, sobrepoñéndose ao que chama identidade negativa, ou unha consciencia colectiva que tende a reparar máis nas incapacidades que nas potencias de Galicia. Nunha perspectiva converxente, en *Outra idea de Galicia*, Miguel Anxo Murado mostra distintos aspectos, da construción naval á moda, en que Galicia se sitúa na vangarda, contradicindo a representación dun país atrasado, e propoñendo unha autoidentificación positiva. É nesta identidade positiva, proxectada cara ao futuro, na que nos recoñecemos e á que pretendemos contribuír.

**Obras citadas**

- Aleixandre, M. *Voces termando da paisaxe galega*. A Coruña: Real Academia Galega, 2017. Disponible en Internet: <<https://academia.gal/documents/10157/27090/Marilar+Aleixandre.pdf>>
- Anderson, B. *Imagined communities: Reflections on the origins and spread of nationalism*. London: Verso, 1993.
- Arias Chachero, P. “Cómaros verdes. O primeiro poemario galego de posguerra.” *Madrygal* 18 (2015): 63–72.
- Castells, M. *La era de la información: Economía, sociedad y cultura*. Vol. II. *El poder de la identidad*. México, D. F.: Siglo XXI Editores, 2001 (3ª edición en español, 1ª en 1999).
- Castro, R. de. *Cantares gallegos*. Vigo: J. Compañel, 1863.
- Costa, X. “Unha bandeira galega no traslado dos restos de Rosalía.” *Sermos Galiza* (26/05/2017).
- Delanty, G. & P. O’Mahony. *Nationalism and Social Theory: Modernity and the Recalcitrance of the Nation*. London: Sage, 2002.
- Dougherty, K. C., M. Eisenhart & P. Webley. “The role of social representations and national identities in the development of territorial knowledge: A study of political socialization in Argentina and England.” *American Educational Research Journal* 29 (1992): 809-835.
- Fairclough, N. *Critical discourse analysis: The critical study of language*. Harlow: Longman, 1995.
- Fairclough, N. & R. Wodak. “Critical discourse analysis.” En Teun A. Van Dijk ed. *Discourse as social interaction*. London: Sage, 1997. Vol. 2. 258-284.
- Gellner, E. *Nationalism*, London: Weindenfeld and Nicolson, 1997.
- Gutiérrez, F. & J. R. Vidal Romani. “La explotación de la pizarra en Galicia y sus impactos ambientales.” *Tierra y Tecnología* 39 (2011): 40-42.
- Habermas, J. *Teoría de la acción comunicativa*. Madrid: Taurus, 1981.
- Hobsbawm, E. J. *Nations and Nationalism since 1780*. Cambridge: Cambridge University Press, 1990.
- Kuypers, J. A. *Rhetorical Criticism: Perspectives in Action*. Lanham: Lexington Books, 2009.
- Lamas, S. & A. Mato. *De camiños, viaxeiros e camiñantes*. Vigo: Galaxia, 2016.
- Lázaro Carreter, F. & V. Tusón Val. *Literatura española, 3º de BUP*. Madrid: Anaya, 1977.
- Linné, C. *Systema naturae, per regna tria naturae: secundum classes, ordines, genera, species, cum characteribus, differentiis, synonymis, locis*. Conimbricæ: Typis Academicis, 9 vol. 1758. Vol 1 (1793 reimpresión da 10ª edición).
- López Facal, R. *O concepto de nación no ensino da historia*. Tese de doutoramento. Santiago de Compostela: Universidade de Santiago de Compostela, 1999.
- . “Història, educació i identitat europea.” *L’Avenç: Revista de Història i Cultura* 287 (2004): 24-30.
- López Facal, R. & M. Cabo Villaverde. “Enseñanza y nacionalización de la población española (1850-1931).” En R. López Facal & M. Cabo Villaverde eds. *De la idea a la identidad: Estudios sobre nacionalismos y procesos de nacionalización*. Granada: Comares, 2012, 111-128.
- López-Facal, R. & J. Sáiz-Serrano. “Spain: History education and nationalism conflicts.” En Robert Guyver, ed. *Teaching History and the Changing Nation State. Transnational and International Perspectives*. Londres: Bloomsbury, 2016. 201-215.

- López Sánchez, M. *Paisaxe e nación. A creación discursiva do territorio*. Vigo: Galaxia, 2008.
- Maiz, R. *Fragmento de Nación y Revolución: la teoría política de Emmanuel Sieyès*. Madrid: Tecnos, 2007.
- Moscovici, S. *La Psychanalyse, son image et son public*. Paris: Presses Universitaires de France, 1961 (1976, 2ª edición).
- Murado, M. A. *Outra idea de Galicia*. Barcelona: Debate, 2008.
- Neira Vilas, X. *Memorias dun neno labrego*. Buenos Aires: Follas Novas, 1961 (1968 reedición Edicións do Castro).
- . *A cultura galega en Buenos Aires: 1950-1960. Discurso de ingreso na Real Academia Galega*. A Coruña: Real Academia Galega, 2001.
- Núñez Seixas, X. M. *O soño da Galiza ideal. Estudos sobre exiliados e emigrantes galegos*. Vigo: Galaxia, 2016.
- Otero Pedrayo, R. “Ensaio sobor da paisaxe galega.” En R. Otero Pedrayo. *Paisaxe e cultura*. Vigo: Galaxia, 1955 (edición de 2009).
- Palacios González, M. “How Green was my Valley: The Critique of the Picturesque by Irish and Galician Women Poets.” *Feminismo/s* 5 (2005): 157-175.
- Pardo Bazán, E. *La tribuna*. Madrid: Alfredo de Carlos, 1883.
- . *Los Pazos de Ulloa*. Barcelona: Daniel Cortezo y Cía., 1886.
- Pérez Pena, M. “A evolución do sentimento nacionalista en Galicia, en seis gráficos.” *Praza Pública* (31/12/2015).
- Puig, B. & M. P. Jiménez-Aleixandre. “Arguments about human ‘races’ in historical texts, media and students’ discourse: The challenge for biology teaching.” En prensa.
- Sieyès, E.-J. *Escritos y discurso de la Revolución*. Edición e notas de R. Maiz. Madrid: Centro de Estudios Políticos y Constitucionales, 1990.
- Subiela, X. *Para que nos serve Galiza?* Vigo: Galaxia, 2014.
- Taboada, P. “Canteras de pizarra secan seis kilómetros de ríos en Valdeorras.” *El País* (21/07/2013).
- Van Dijk, T. “Discourse and Knowledge.” En J. P. Gee & M. Handford eds. *Handbook of Discourse Analysis*. London: Routledge, 2012. 587-603.
- Villares, R. *Identidades e afectos patrios*. Vigo: Galaxia, 2017.